



## 1. Título do proxecto

Monitoraxe remota e mellora da eficiencia na xestión do ciclo da auga

## 2. Descrición

Proponse mellorar a eficiencia e xestión das redes de abastecemento e saneamento mediante dispositivos que integren as TIC.

No caso da rede de abastecemento proponse sectorizar a rede, axustar presións, instalar equipos de control e un sistema de monitoraxe e alarmas remotas. Deste xeito poderíanse previr problemas de roturas por fatiga e mellorar a detección de fugas na rede, ademais de abordar a súa xestión dun modo moito máis estratéxico.

No que respecta á rede de saneamento, proponse instalar un sistema de detección e cuantificación de alivios, en liña coa normativa en vigor, así como controladores para a conmutación automática de bombeos e un sistema remoto de supervisión e alarma. Estas melloras permitirían, non só cumprir con preceptos normativos, senón mellorar a xestión da rede de saneamento reducindo a necesidade actual de supervisión in situ periódica.

## 3. Retos abordados

- Reto 1: mellorar a calidade e eficacia dos servizos públicos coas TIC
- Reto 2: promover unha mobilidade máis inclusiva e sustentable
- Reto 3: recuperar e poñer en valor o patrimonio
- Reto 4: revitalización socioeconómica do rural
- Reto 5: atención de colectivos desfavorecidos e igualdade de oportunidades

## 4. Presuposto aproximado (miles de euros)

150 miles de euros

## 5. Prazo de planificación e execución (meses)

9 meses

## 6. Beneficios esperados para a cidadanía de A Estrada

Uso máis eficiente dos recursos hídricos.

Cumprimento de obrigacións normativas (cuantificación de alivios da rede de saneamento).

Mellora da operativa das redes e redución da necesidade de visitas de revisión rutinarias de comprobación do funcionamento dos equipos.

Maior resiliencia da Estrada ante o cambio climático.